

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE OUTUBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 14 de outubro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 9 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ignacio Oliveira López, xefe do Servizo de Museos (asiste aos puntos 5a e 6a)
D. Jesús Núñez Torrón-López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 5b, 6b e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe de Museos, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o director do Museo municipal Quiñones de León o 11 de outubro de 2019 de valoración do sobre B “proposición evaluable mediante xuízo de valor”. A Mesa acepta o citado informe e acorda, por unanimidade:

- Excluír a SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.A. (SAMYL) e OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (OSVENTOS) por non alcanzar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (“De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un umbral mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos mínimos), respecto á máxima posible (45 puntos), no criterio “Memoria Técnica e de organización do servizo”; de tal forma que unha puntuación inferior ao 50% resultará excluínte do



proceso”).

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (2.740-315)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social e o xefe de CEDRO o 11 de outubro de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitorador	% desconto no prezo unitario	Actuacións de promoción da programación
1	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	18%	50
2	EULEN, S.A.	8%	50

Ambos os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Antonio López González, con DNI **.27.89* e D. Pedro L. Cordón Casais, con DNI **.92.84*, ambos en representación de SERVICIOS SECURITAS, S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (2.740-315)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS

- 1.- Propón como prezo total do contrato o de 2.367.803,53 euros.
- 2.- Comprométese a substitución dos auxiliares de clínica durante as vacacións:
 - Substitución vacacións 4ª auxiliar clínica (quenda de mañá): non
 - Substitución vacacións 4ª e 5ª auxiliar clínica (quenda de mañá): non
 - Substitución vacacións 4ª, 5ª e 6ª auxiliar clínica (quenda de mañá): non
 - Substitución vacacións 4ª, 5ª, 6ª e 7ª auxiliar clínica (quenda de mañá): non
- 3.- Comprometese a achegar as seguintes melloras de recursos materiais:
 - SkanFlexi-Multilector de fluxo lateral: non
 - Frigorífico combi para obradoiro de cociña (Mínimo Categoría enerxética A+, 3 caixons no conxelador e capacidade de este mínimo de 80 litros. Precio 450€): si
 - Placa de inducción para obradoiro de cociña (Mínimo 3 zonas de cocción, sen marco. Precio 300-350€): si
 - Forno multifunción para obradoiro de cociña (Mínimo Categoría enerxética A, potencia mínima de 3400w, e capacidade mínima de 65 litros. Precio 300€): si

SAMAÍN SERVIZOS Á COMUNIDADE, S.A.

- 1.- Propón como prezo total do contrato o de 2.374.175,97 euros.
- 2.- Comprométese a substitución dos auxiliares de clínica durante as vacacións:
 - Substitución vacacións 4ª auxiliar clínica (quenda de mañá): non
 - Substitución vacacións 4ª e 5ª auxiliar clínica (quenda de mañá): non
 - Substitución vacacións 4ª, 5ª e 6ª auxiliar clínica (quenda de mañá): non
 - Substitución vacacións 4ª, 5ª, 6ª e 7ª auxiliar clínica (quenda de mañá): non
- 3.- Comprometese a achegar as seguintes melloras de recursos materiais:
 - SkanFlexi-Multilector de fluxo lateral: si
 - Frigorífico combi para obradoiro de cociña (Mínimo Categoría enerxética A+, 3 caixons no conxelador e capacidade de este mínimo de 80 litros. Precio 450€): si
 - Placa de inducción para obradoiro de cociña (Mínimo 3 zonas de cocción, sen marco. Precio 300-350€): si
 - Forno multifunción para obradoiro de cociña (Mínimo Categoría enerxética A, potencia mínima de 3400w, e capacidade mínima de 65 litros. Precio 300€): si

Ambos os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura Dª. María Carmen Comesaña Rodríguez, con DNI **.48.38*, en representación de CLECE, S.A. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A449-E2CC47-A1425B-PF97AW-69L257-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Na mesma sesión, entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social de data 14 de outubro de 2019, de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (2.740-315)

Retírase este asunto da orde do día ao non haber ofertas con valores anormais segundo o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social de data 14 de outubro de 2019 aceptado no punto anterior.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 9 de setembro de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do 6 de setembro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
3. DRAGADOS, S.A.
4. UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP

Durante o prazo concedido, todos os anteriores licitadores presentaron documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 7 de outubro de 2019 a enxeñeira industrial de Vías e Obras, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal emitiron informe sobre cada unha das xustificacións presentadas concluíndo en todos eles que *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
3. DRAGADOS, S.A.
4. UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A449-E2CC47-A1425B-PF97AW-69L257-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 7 de outubro de 2019 de valoración do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal o 7 de outubro de 2019:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
3. DRAGADOS, S.A.
4. UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,78
2	UTE OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. e ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA (ASAI)	91,72
3	EXTRACO CONSTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A.	90,38
4	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	86,90
5	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	51,65
6	COPCISA, S.A.	43,98
7	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	34,98

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A449-E2CC47-A1425B-PF97AW-69L257-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (2.740-315)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (2.740-315) na seguinte orde descendente:

	licitador	Puntuación total
1	EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS	61,05
2	SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.	39,25

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación comunica aos membros da Mesa que con data 25 de setembro de 2019 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar, MAPFRE ESPAÑA, S.A., a resolución de data 24 de setembro adoptada pola concelleira delegada de Contratación de clasificación e requirimento de presentación da documentación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A449-E2CC47-A1425B-PF97AW-69L257-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, “con excepción dos certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, por canto estes serán solicitados de oficio polo Servizo de Contratación ás Administracións correspondentes” tal e como prevé a cláusula 21.1 do PCAP.

Dentro do prazo concedido, o 7 de outubro, o referido licitador presentou documentación. Unha vez revisada compróbase que o seguro de caución non está asinado dixitalmente, polo que non ten validez o documento presentado no Rexistro Electrónico e que non se achega o anexo VI “NOMEAMENTO DO/A DELEGADO/A DO CONTRATO”.

En cumprimento do previsto na cláusula 21.1 do PCAP, o Servizo de Contratación comprobou a través da plataforma de intermediación de datos do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas se o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, constatándose que non está ao corrente nas súas obrigas coas Axencias Tributarias, Estatal e Autonómica. Os xustificantes foron incorporados ao expediente.

Á vista do anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a MAPFRE ESPAÑA, S.A. para que poida acreditar estar ao corrente nas súas obrigas coas Axencias Tributarias, Estatal e Autonómica, presentar o seguro de caución asinado dixitalmente ou constituílo directamente na Tesourería municipal e achegar o anexo VI co delegado do contrato.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:30 horas, logo dun receso entre as 10:55 e as 13:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A449-E2CC47-A1425B-PF97AW-69L257-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		